

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPEDIENTE : 14992/407

## “ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO”

### ASISTENTES:

Presidenta: M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
Vocais: José Villán Fuertes. Secretario da XMU  
Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral  
M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Rio, Arquitecta xefa da área técnica da XMU  
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos centrais  
M<sup>a</sup> Montserrat Campos Bestilleiro, Técnica de Admón. Xeral

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa da oficina

**DATA:** 12 de marzo 2024

**HORA:** 10,30 horas

**OBXECTO:** aprobación da valoración da Comisión técnica, apertura e valoración dos criterios avaliados automaticamente e proposta de adxudicación se procede.

**LUGAR:** sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 10,40 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quórum suficiente, iniciase a reunión.

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 6 DE XUÑO 2023

A Mesa de Contratación Permanente, acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión 6 de xuño 2023.

### 2. RATIFICACIÓN DA DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

A Mesa de Contratación ratifica a declaración de ausencia de conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

### 3. VALORACIÓN DOS CRITERIOS BASEADOS EN XUÍZO DE VALOR



**EXPEDIENTE** : 14992/407

Procédese a lectura do informe de valoración da Comisión de expertos do 7 de febreiro de 2024, do sobre “B” achegado por Oficina de Planeamento S.A, único licitador admitido.

Revisados os aspectos recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas e obxecto de valoración neste sobre “B”, e en base a xustificación detallada do Comité de expertos en cada un dos apartados sinalados, a puntuación total outorgada é:

METODOLOXÍA	5,5
DIAGNOSE	7
COMPOSICIÓN DO EQUIPO	10
MEDIOS TÉCNICOS E MELLORAS	5,5
<b>TOTAL</b>	<b>28 PUNTOS</b>

A Mesa acorda aprobar o informe de valoración por unanimidade, procedendo a súa publicación no perfil do contratante do Consello da Xerencia aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Previa á apertura do sobre “C” contendo os criterios avaliáveis a través de fórmula, e de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a presente contratación e segundo a convocatoria publicada en data 8 de marzo de 2023 no perfil do contratante do Consello da Xerencia, procede a celebración de acto público de apertura do dito sobre, con concorrendo ningunha persoa allea á Mesa de Contratación Permanente en tal acto.

#### 4. APERTURA CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA

Procédese a apertura dos criterios avaliáveis a través de fórmula, “Sobre C”, previa descrición, conforme ó establecido na cláusula 14.C do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo o establecido no apartado 7.B 1 do Anexo I Follas de Características do Contrato do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (FEC) tense que valorar a cualificación e experiencia do equipo redactor, outorgando unha puntuación de entre 0 a 20 puntos, valorando *“a experiencia e cualificación do equipo redactor presentado para executar o presente contrato, de tódolos membros do equipo presentado incluído o equipo mínimo, a excepción dos traballos presentados polo director/coordinador como parte da solvencia técnica do licitador. Valorarase a cada un dos membros do dito equipo ata un máximo de 2 puntos”*.

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO



EXPEDIENTE : 14992/407

De conformidade coas indicacións e baremo recollido no dito apartado e revisada a documentación achegada polo licitador admitido corresponde unha puntuación total de 17,75 puntos.

En relación ao criterio relativo á redución do prezo, recollido no apartado 7.B 2 das FEC cunha valoración de entre 0 a 15 puntos, sinálase no dito apartado que para a valoración deste criterio utilizaranse as fórmulas previstas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares debendo acudir ao sinalado na súa cláusula 16, que sinala o seguinte:

“ ...  
 3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar fórmula.  
 ... ”

Recóllese na oferta económica achegada un importe de 325.000 € máis IVE, polo que de acordo co exposto no parágrafo anterior e sendo a única oferta admitida, corresponde unha puntuación de 15 puntos na valoración deste criterio.

Polo tanto, corresponde como puntuación total da única oferta admitida, en relación aos criterios avaliados mediante fórmula ou automaticamente a seguinte:

Oficina de Planeamento S.A.	
Criterio	Puntuación
Cualificación e experiencia do equipo redactor	17,75
Redución do prezo	15
<b>Total</b>	<b>32,75</b>

**5. PUNTUACIÓNS TOTAIS, CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR MELLOR VALORADO.**

En función das puntuacións outorgadas nos diferentes apartados recollidos nas FEC, establécese a seguinte puntuación:

Oficina de Planeamento S.A.	
Criterio	Puntuación

<b>SERVIZOS CENTRAIS</b>	<b>XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO</b>	<b>CONCELLO DE VIGO</b>	
--------------------------	--	-------------------------	---

**EXPEDIENTE : 14992/407**

Avaliables mediante xuízo de valor	28
Avaliables mediante fórmula ou automaticamente	32,75
<b>Total</b>	<b>60,75</b>

A Mesa acorda propoñer como a oferta mellor clasificada a presentada pola empresa Oficina de Planeamento, S.A., trasladando ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo, na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	Oficina de Planeamento S.A	60,75

Segundo.-- Dar traslado do presente acordo aos Servizos Centrais da XMU a fin de que procedan ao requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, para que no prazo de 10 días hábiles presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisión e participación requiridos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares regulador da presente licitación”

Non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a reunión ás 11,06 horas do día arriba sinalado.

De todo o tratado eu secretaria dou fe, co visto e prace da presidenta.